

Castelao, nacionalista galego

28-6-1984

(Decraración do Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, na volta dos restos de Castelao)

Os restos de Castelao, como todo, poden ser manipulados, como todo, polo poder. Mais **Castelao sólo vén realmente prós que queremos unha Galicia ceibe**, prós que sólo temos unha patria: a Patria Galega, inda que sintamos a outros pobos irmaos, dada a súa prousimidade e longa convivencia con nós. Vén, prós que só comulgamos onde realmente se comulga, se é común con outros, se é patria e nación con outros, na propia lingua, na Lingua Galega.

Castelao era un nacionalista galego. Era conscente do que era: da súa propia patria, da súa propia nación, da súa propia lingua, de todo o que é máis sagrado, porque é o máis fundamente propio e nos vén de lonxe, cáseque de sempre, dos antepasados nosos que así nos fixeron i en nós prevalecen. Non lla cambiarán, como a outros galegos lles cambiaron, a patria.

Os restos de Castelao foron traguidos polos que se confesan e profesan de **non nacionalistas** (algús xa de vello, outros dende fai pouco) e quixeran meter e pechar o nacionalismo galego baixo da lousa de Santo Domingo de Bonaval xunto cos restos do seu líder histórico máis conocido e querido e de pensamento máis actuante, e coíles enterrar a nosa esperanza. O noso máis grande e salvador soño coeutivo: a liberdade e recuperación de Galicia, da súa Cultura e da súa total decisión.

*É xa hora de que señas, Terra patria dos teus,
dos que gardaron A Fala en que máis se dixo adeus
e señas dona de ti e señora de falar,
señora de decidir e dona de se negar.*